

AS COUSAS DA NOSA ESCOLA



Florencio Manuel Delgado Gurriarán
1903/1987

17 de maio de 2022

Día das Letras Galegas

Sumario

SUMARIO	03
EDITORIAL	04
FESTAS E DÍAS ESPECIAIS	05-11
COLABORACIONES	
EDUCACIÓN INFANTIL 3/4 ANOS	12-13
EDUCACIÓN INFANTIL 4/5 ANOS	14-19
1º DE PRIMARIA	20-21
2º DE PRIMARIA	22-25
3º DE PRIMARIA	26-27
4º/5º DE PRIMARIA	28-31
6º DE PRIMARIA	32-34
FORMACIÓN	35-38
BIBLIOTECA	39-40
ENTREGA DE PREMIOS	41-43
ACTIVIDADES SOLIDARIAS	44
RECÍCLATE CON SOGAMA	45-48
EXCURSIÓN FIN DE CURSO	49-52

Editorial

GRAZAS, PROFES !

O fundamental da nosa profesión é atoparse a gusto, ben por vocación ou por convición, sen ter en conta a falsa imaxe externa que moitas persoas e colectivos teñan de nós.

Os que levamos tempo traballando neste apaisoante mundo da educación, somos conscientes que os tópicos sobre as persoas docentes: *moitas vacacións, soldos aceptables, poucas horas de traballo...* non se corresponden coa realidade do que estamos a facer día tras día e, polo tanto, non fan xustiza ao noso traballo diario.

Para ser un profesional responsable, non é suficiente con dominar a materia e saber explicala. Hai que traballar moitas máis horas que as específicas de clase: *atender ao alumnado cando non se atopa ben física ou animicamente, adaptarse aos incesantes cambios legislativos, preparar as actividades docentes, corrixir probas, planificar reunións internas e externas para mellorar a atención persoalizada e garantir unha correcta atención á diversidade, adaptar as metodoloxías ás casuísticas de cada alumno/a, preparar titorías coas familias, actualizarse profesionalmente para non perder o tren da innovación pedagóxica...*

Obviamente, as persoas docentes, para levar a cabo estas funcións precisan, a parte de moito tempo, ter empatía, paciencia, equilibrio afectivo e tamén sentido do humor como válvula de escape ás tensións que ten que vivir dentro e fóra da aula; e, indudablemente, necesítase moito cariño cara ao noso alumnado.

Todo iso en circunstancias normais pero, é obvio, que os/as docentes levan dous anos con moitas complicacións engadidas: *traballando a distancia, realizando másters en recoñecemento de voces, en medición de temperaturas, en apoio titorial fóra do seu horario sacando horas da súa vida persoal...* A colaboración permanente coas familias foi un alarde dunha cidadanía responsable ante unha

situación tan imprevisible e complicada como a vivida durante a pandemia.

Pero ahí estiveron, nada máis e nada menos que facendo o que consideraron que tiñan que facer e demostrando con creces a importancia da súa capacidade de adaptarse a tempos difíciles, con optimismo e resiliencia.

Chegamos, por fin, a un fin de curso casi normalizado. Polo camiño, e aínda que adicamos todos os nosos esforzos, seguramente non lle aportamos a todo o noso alumnado as ferramentas precisas e os apoios necesarios, pero non dimos para máis.

Agora toca recuperar enerxía nesas máis que merecidas vacacións de verán, e plantexar con optimismo os retos que trae inmerso o próximo curso académico no que a entrada en vigor da LOMLOE vai supoñer un incremento importante de traballo nos nosos centros.

Grazas familias pola vosa colaboración, tamén a todo o alumnado do colexio que amosou unha adaptación exemplar ante unhas circunstancias tan adversas e, dun xeito especial, a todos os mestres e mestras do Celso Emilio Ferreiro. Sei que foron un par de anos cunha tensión sen precedentes pero, entre nós sabemos que somos profesionais docentes sen moitas vacacións, cun soldo de funcionario e con moitísimas horas de traballo e dedicación.

De momento, trátase de facer balance sobre o aprendido, que foi moito, e o que nos queda por facer.

No mes de setembro voltaremos ás nosas aulas coa mesma ilusión e optimismo de sempre, porque alí estarán esperándonos os nosos nenos e nenas a quen non podemos defraudar.

Grazas, profes, por un impecable traballo e, feliz verán!

O director: Rafa Rodríguez Martín

Festas e Dias Especiais



FESTAS DO OUTONO



FESTIVAL DO NATAL


FESTIVAL DO ENTRUDO






DÍAS ESPECIAIS

DÍA DA NON VIOLENCIA



DÍA DA MULLER



AS
MULLERES QUE
NOS
CONSTRÚEN
(en
colaboración
co Concello de
Cerdeada)

DÍA DA PAZ



DÍA DO LIBRO



scan me



DÍA DE ROSALÍA



DÍA DAS LETRAS GALEGAS



SCAN ME



DÍA DO AMOR E A AMIZADE




SEMANA DA PRENSA



Infantil 3 e 4 anos

Os exploradores da aula de 3 e 4 anos saíron ao patio na procura de caracois, para o que previamente se equiparon realizando as súas propias lupas. Sabían que era un herbívoro, así que na nosa zona de xardín, este pequeno molusco gasterópodo debería ser doado de atopar. A súa procura foi un verdadeiro éxito, pois atoparon nada máis e nada menos que 80! Logo, detidamente na aula, afondamos un chisco máis sobre eles.





Tamén tivemos algunha que outra visita inesperada, o gran realismo dos nosos caracois, fixo que algún que outro se equivocara na procura da súa familia.









Infantil 4 e 5 anos




Dentro do proxecto de biblioteca, *Érase unha vez o medio ambiente*, realizamos múltiples actividades traballando con material de refugallo.

RECICLARTE








ESCULTURAS






+ CREANDO CON VARIOS MATERIAIS




IMAXINAMOS CON PAUS




ABECEDARIO DE MADEIRA




RECUNCHO DE XOGO LIBRE





Primeiro de Primaria



PRIMEIRO DE PRIMARIA OS NÓSOS ANIMAIS PREFERIDOS







K	M	P	F	C	M	W	F	R	K	C	N	Y	P
C	A	N	B	G	Q	M	V	B	I	O	U	C	G
N	I	H	T	R	O	X	N	Y	H	H	S	I	V
G	K	L	K	A	D	L	E	O	P	A	R	D	O
W	O	S	O	C	R	O	F	E	A	G	E	H	V
T	W	Q	W	O	B	T	X	I	D	A	V	S	A
E	S	B	Z	C	G	D	A	Q	Ñ	T	B	V	C
H	O	R	H	U	T	Q	V	R	J	O	Y	Z	A
L	C	A	B	A	L	O	C	M	U	K	F	K	R
C	O	E	L	L	O	F	B	C	E	G	K	L	K
H	V	N	V	O	K	C	D	O	K	Y	A	E	C
L	B	G	G	K	K	L	X	V	E	W	U	Ó	B
U	K	D	R	O	M	E	D	A	R	I	O	N	R
C	Y	Y	W	T	O	Q	Y	K	G	I	H	T	U





CABALO
COELLO
GATO
LEOPARDO
TARTARUGA

CAN
DROMEDARIO
GOLFIÑO
LEÓN
VACA





ESTAMOS EN PRIMEIRO. BÚSCANOS

F	G	N	D	Z	T	M	Y	S	T	X	K	K	T
R	C	L	V	Z	X	M	T	P	S	L	G	A	C
A	S	E	L	B	H	A	T	T	M	D	Q	G	G
N	B	O	C	O	R	R	S	A	L	M	A	C	S
C	B	V	N	G	T	I	H	U	K	M	Q	X	P
I	R	Y	O	N	L	O	V	Q	J	D	D	T	I
S	H	G	L	D	U	N	C	X	J	J	M	V	S
C	J	S	A	Y	A	C	O	J	D	N	A	W	S
O	Z	E	N	Q	M	C	R	P	Y	J	R	P	A
V	W	Y	R	A	A	J	O	X	J	B	T	Z	N
E	J	H	L	Q	I	G	P	S	Y	A	Í	S	X
G	O	M	B	H	A	J	O	O	H	F	N	Y	O
D	V	P	M	I	S	A	R	A	H	N	U	C	I
V	A	J	C	Y	I	P	D	P	A	B	L	O	U



AMAIA
FRANCISCO
MARIO
NOLAN
SALMA

ANXO
LEO
MARTÍN
PABLO
SARAH



Segundo de Primaria

Cando, a principio de curso, a profe nos preguntou cómo nos viamos a nós mesmos, así foi como nos definimos:









Sen embargo,
 o horóscopo monstruoso
 descubriunos o que
 eramos en realidade!!!
 Ti tamén podes descubri-lo!

¿QUÉ TIPO DE MONSTRUO ERES?

Último número del día en que naciste	Mes en que naciste	Primera letra de tu apellido
1 Duende	Enero Rompe	A Dedos N Cacas
2 Hada/Mago	Febrero Destroza	B Brazos O Carne
3 Bruja/Brujo	Marzo Devora	C Narices P Cerebros
4 Zombie	Abril Tritura	D Piernas Q Estómagos
5 Lobo de dos cabezas	Mayo Come	E Huesos R Sesos
6 Troll	Junio Arranca	F Culebras S Rodillas
7 Fantasma	Julio Quema	G Labios T Mocos
8 Momia	Agosto Quita	H Uñas U Corazones
9 Vampiro/ vampiresa	Setiembre Escupe	I Cráneos V Pies
0 Cíclope	Octubre Muerde	J Cuellos W Niños
	Noviembre Lame	K Ratas X Lombrices
	Diciembre Traga	L Dientes Y Orejas
		M Ojos Z Sapos

lapiceromagico.blogspot.com





KATIA

"Bruja quema narices"




NICOLÁS

"Lobo de dos cabezas arranca brazos"



IZAN

"Vampiro devora labios"




ANTÓN

"Fantasma lame cerebros"



ASIER

"Troll arranca brazos"



ÉDGAR:

"Momia come sesos"



VALERIA

"Momia rompe cerebros"

Terceiro de Primaria

Mapa Meteorolóxico

Este ano convertémonos en meteorólogos e meteorólogas para dar o tempo a toda a xente de A Silva. Fixemos un mapa do tempo enorme!

1. Primeiro fixemos o mapa de España en grande e coloreámolo.
2. Despois debuxamos as iconas e coloreámolas tamén. Fixemos soles, nubes, nubes con choiva, tormenta, neve...



Pero a cousa non quedou ahí! Tamén fixemos prácticas apresentando o tempo como na televisión, iso sí, non con tanta soltura.

O peor de todo foi falar en público. Ver tantas caras mirando cara ti non mola moito a verdade!


Pero aprendemos moito ademáis de pasalo xenial!



Cuarto e Quinto de Primaria

Experimento 4º e 5º


◆ CAPILARIDADE CON FLORES DE PAPEL ◆



TRAZAMOS O
CENTRO DA FLOR.



DEBUXAMOS OS
PÉTALOS.



COLOREAMOS
COMO NOS GUSTE.



RECORTAMOS A
FLOR.

Experimento 4º e 5º

◆ CAPILARIDADE CON FLORES DE PAPEL ◆



PASO 5

DOBRAMOS OS
PÉTALOS CARA O
CENTRO.



PASO 6

POUSAMOS A FLOR
NA AUGA.



PASO 7

OBSERVAMOS
COMO A FLOR SE
ABRE.



*Video explicativo
Escanéame!*

PARA ESCACHAR COA RISA...



Érase unha vez un polo
que respiraba polo cu.
Sentouse e morreu.

Daniela (5º)



Dous homes estaban
conversando...

- Por que camiñas coas pernas abertas?
- Porque teño o colesterol moi alto.
- E que ten que ver o colesterol con camiñar desesa forma?
- Que o médico díxome: "Os ovos... nin tocalos!"

Antía (5º)

Que pasa se tiras un
parrulo á auga? Nada.

Héctor (5º)



Pepiño vai á casa e di:
- Mamá, mamá! Na escola
chámanme despistado!
- Pepiño, xa che dixen que
vives na casa do lado...

Iker (5º)

Un home dille a outro:

- Oíches, Manolo, pásame
outro xampú.
- Pero se aí no baño hai un.
- Sí, home, pero este é
para cabelo seco e eu
téño mollado.


Andrea (5º)

Que lle di unha pera a unha mazá?

- Hai moito que espera?
- Non, sempre fun mazá.

Simón G. (5º)





Unha rapaza ten 400€ para ir a Inglaterra e a súa amiga dille: "En Inglaterra só aceptan libras". E a rapaza contéstalle: "Eu son Tauro".

Patricia (4º)

Cal é o café máis perigoso do mundo?
O ex-presos.

Dayan (4º)

Como maldí un polo a outro?
"Caldiño sexas!"

Roi (4º)



Por que é mellor sentar na última fila cando imos ver películas cómicas?
Porque o que ri último, ri mellor.

Xavi (4º)



Por que o libro de Matemáticas está triste?
Porque ten moitos problemas.

Gonzalo (4º)

Martiño chega do colexio e dille ao seu pai:

- Papá, papá, teño unha noticia boa e unha mala!
- Dime a boa primero.
- Saquei un dez no exame!
- E a mala?
- Que é mentira...

Noa (4º)

- Eres galego?
- E logo, por que o preguntas?

Gabriela (4º)

Que lle di un cadro a outro cadro?
Estás moi cadrado.

Gaël (4º)



Cal é o colmo de Batman?
Que lle Robin.

Simón P. (4º)

Sexto de Primaria

José Fariña

HOXE ENTREVISTAMOS
A JOSÉ FARIÑA



Sexto B

David Urzeda, Manuel Pallas, Nico Castro, Antía Vilar, Celia López, Adrian Pallas, Lucía García, Alex Rodriguez, Helena Pena, Mireia Lamas.

1- Costouche moito traballo montar a túa empresa?
Costoume bastante.

2- Quen che axudou a montar a empresa?
Axudoume o meu socio.

3- Estudiaches algunha carreira?
Non, eu fixen un curso de albañilería.

4- Con cantos anos empezaches a traballar?
Empecei con 17 anos.

5- Cantos anos tes?
Teño 72 anos.

6- En qué traballaches?
Traballei no campo e na construción.

7- En qué colexio estudiaches?
Non tiña nome.

8- Emigraches algunha vez por falta de traballo?
Sí, emigrei a Suíza.

9- Cómo te setiches ti cando a túa muller pasaba a fronteira sen papeis?
Sentíame moi preocupado por ella.

10- Fundaches a empresa antes ou despois de emigrar a Suíza?
Despois.

11- Ti qué facías na obra?
Preparaba baños e algunhas aulas.

12- Cantas horas estabasf ao día na obra?
Estaba 8 horas.

13- Traballaches directamente na obra ou foron empregados teus?



Eu traballaba e máis controlaba.

14- Cómo vos coñecestes ti e maila túa muller?
Coñecímonos nunha sala de festas.

15- Con cantos anos te casaches? ¿E a túa muller?
Casei con 25 anos. Miña muller tiña 17,

16- Cantos anos tiña a túa filla cando emigraches a Suíza?
Tiña 2 meses.

17- Cómo se chamaba a túa empresa?
Chamábase “Construcciones Silva Vella”.

18- Tiñas socios ou fixeches a empresa ti solo?
Sí, tiña socios. Un chamábase Emilio Pallas Queijo.

19- Con cantos anos creaches a túa empresa?
Tiña 30 anos.

20- Cómo se chaman os teus fillos?
Tiven 4 fillos, Ana, Sandra, Alfonso e Ángel.

Formación




SAÍDAS FORMATIVAS



DISJOVI



GALOPÍN



CIFP SOMESO

PLAN DIRECTOR FORMÁNDONOS EN CIBERSEGURIDADE





PATROCINADO POLA ANPA




CURSO PRIMEIROS AUXILIOS





actividade enki + mural



invernadoiros, terra,
prantas, sementes e
regadeiras



E ADEMAIS:

- ORGANIZACIÓN CAMPAMENTOS NADAL/VERÁN
- EXCURSIÓN PAZO MARIÑÁN
- AXUDA TRANSPORTE EXCURSIÓN FIN DE CURSO
- FESTA FIN DE CURSO

Biblioteca

CONVIDAD@S NA BIBLIOSILVA



SANDRA, CHEFA, BELÉN, SONJA



JUÁN MANUEL
RODRÍGUEZ GARCÍA



RATIÑA FAIFÁ



MONCHO VILAR LANDEIRA



ELIZABETH KALESARIK




OURIZO ROSCO

BOOKTUBERS XORNALISTAS EN PRÁCTICAS



AXUDANTES
DA
BIBLIOTECA
INVITÁNDONOS A
COIDAR O MEDIO
AMBIENTE, ATENDENDO
Á TEMÁTICA QUE NOS
PROPUXO SILVIÑA
NESTE CURSO.




SCAN ME



AULA 3/4 ANOS

SCAN ME



AULA 4/5 ANOS



Scan Me

AULA 4/5 ANOS

SCAN ME



AULA 4/5 ANOS

Entrega de Premios



PREMIOS AGASALLOS



AGASALLOS Á PATRULLA ECO MARRÓN, POR
CONTRIBUÍR Ó COIDADO DO MEDIO



PREMIADOS I CONCURSO DEBUXO/NARRACIÓN BREVE
DÍA DE ROSALÍA






PREMIADOS
III CONCURSO
MARCAPÁXINAS

FINALISTA
CONCURSO
POSTAL NADAL



PREMIADOS
FOTOS
ADORNOS
OUTONO,
MAGOSTO
E SAMAIN

PREMIADOS E PARTICIPANTES NAS FOTOS DOS NÓSOS LIBROS FAVORITOS




Actividades Solidarias



SOLIDARIOS

CARTAS DE ÁNIMO PARA
Á PALMA



LIBRO SOLIDARIO PARA AXUDAR
AO CEIP DE TODOQUE
ENGULIDO POLA LAVA DO VOLCÁN
DA PALMA

ALIMENTOS
POLA PAZ



MEDICAMENTOS
PARA
UCRAÍNA





Programa

RECÍCLATE
con SOGAMA




aprendemos con Sogama sobre a reciclaxe



REDUCE
REUSE
RECYCLE



coñecemos os usos do contedor marrón



*co lixo fixemos xoguetes,
instrumentos musicais, adornos e
postais de nadal*



xuntamos a Rosalia de Castro co reciclaxe e con Sogama en contos maravillosos

Minha casa moi bonita de pedra situada en Polhoon nacia unha moza chamada Rosalia. A Rosalia gustáballe moito pasar pola beira do río co seu gato, pero un día que pasaba o río, estaba máis cheo de lixo. Notaba algunhas máis lúas e preocupada pola situación do río, contoulle os seus pais para que se entre todos puiden axudar a arreglar todo aquilo. E así todos os días recollían o lixo que había pola beira do río, pero entón non era suficiente. Decidiron unhas xuntas con xente da zona para que se recollían máis xente.

Esa noite, Rosalia estaba durmindo e apareceu o capitán Verdeman, díxolle que todos os días a estaban mirando e quería axudala. Entixéronse toda a noite falando e falando sobre a importancia da reciclaxe, de non tirar lixo á choa e ata lle contaron dun río chamado Sogama. Sogama é un río de Cereceda onde se repara e recicla o lixo para recoller.

Cando se levantou o día seguinte non paraba de contalle a todo o mundo o que lle acontecera. Foi correndo a casa e contou a todos os seus amigos a historia máis bonita, -A auga debería ser brillante e clara - as zigueiras, castiños e demais árbores non paraban de medrar, as paxariñas cantaban...

Verdeman estaba moi orgulloso de Rosalia.



os rapeiros de segundo cantan o rap do reciclaxe



OBSERVA ESCOITA





REIVINDICA MOVETE



a rapazada de cuarto/quinto de primaria, invítanos a coidar o medio dun xeito moi, moi orixinal




EXCURSIÓN FIN DE CURSO










**NA PÁXINA WEB
DO COLEXIO
HAI MAIS FOTOS**



Florencio Manuel Delgado Gurriarán

**Equipo
de Dinamización
da Lingua Galega**

Equipo
de Dinamización
da Lingua Galega

LETRAS GALEGAS